

Daniel Asorey Vidal

Santiago de Compostela 1970.

Profesor de Ensinanza Secundaria da materia Lingua e Literatura Galegas no CPI de Fonte Díaz.



PREMIOS

- Gañador ex aequo do 11 Certame de Narracións Manuel Murguía, Concello de Arteixo, ano 2002.
- Gañador I Certame de Relato Curto Cidade Vella, 1988.
- 1 o Premio Narración Curta no I Certame Literario e de Investigación Terra de Melide, ano 2001.
- 2º Premio da 3º edición Premio Investigación Lingüística e Literaria 17 maio, Facultade Filoloxía, ano 1991.

PUBLICACIÓNS LITERARIAS

- Coautor do libro *De sañas e memorias*, Espiral Maior Narrativa, Coruña, 2003
- "O álbum da derrota" en *Madrygal* nº7, Universidade Complutense, 2004, Madrid, pp.161-164
- Varias narracións en distintos números da revista *Olysbos*

PUBLICACIÓNS - RELATORIOS, ARTIGOS E RESEÑAS

- "A noite vai coma un río. Cadro I ... ", en *Actas Congreso Alvaro Cunqueiro*, Santiago, 1993, pp. 521-529.
- "Seoane, retrato dun artista sincero", *Grial*122, 1994, pp. 269-271.
- "Conversando con Cunqueiro e Blanco Amor", *Grial*124, 1994, pp. 545-548.
- "Algúns aspectos da actual novela histórica galega ... ", en *Actas IV Congreso Internacional de Estudos Galegos*, Oxford, 1997, pp. 307-322.
- *Lingua e literatura 4º de ESO*, Editorial Rodeira, 1997.
- "O ensino en territorios con conflito lingüístico", in *Actas 1 Simposio de Internacional de Bilingüismo*, Universidade de Vigo, Vigo,1997.
- "Análise da obra de Suso de Toro. Entre a modernidade e a provocación.", en *Actas V Congreso Internacional de Estudos galegos*, Universidade de Tréveris, Trier, 1997, pp. 1049-1064.
- "O silencio redimido. Clasificación e compromiso. Dous apuntamentos ... ", en *Cinguidos por unha are/a común*, Tomo II, Santiago, 2000, pp. 137-154.
- "A literatura galega en tempos da posmodernidade ... ", en *Actas VI Congreso Internacional de Estudos Galegos*, Trier, 2001, pp. 397-426.
- "Contra o esquecemento e o pensamento light", *Gria*/159, 2003, pp.93-95.
- "Apuntamentos sobre dúas narradoras ... " *Anuario de estudos literarios galegos*, 2003, pp. 9-15. \
- "Normalización e Ensino Secundario" en *A lingua Galega. Volume II: Historia e Actualidade*, Consello da Cultura Galega-ILG, Santiago, 2004. pp.59-79.

- "O gardián da memoria", Grial, 2005, 165, pp. 116-117.

LIBROS DE TEXTO

- Guía e recursos 4º da ESO. Lingua galega e literatura, Obradoiro, Santiago de Compostela, 2003. (coautor).
- Coautor dos manuais e libros de texto: Lingua galega e literatura 1 ~ 3º ESO .
- *Métodos ...* , Obradoiro, 2002. (coautor).
- Coautor de: Guía e recursos 3º da ESO. Lingua Galega e literatura, Obradoiro, 2002 ..
- Coautor dos manuais Lingua e literatura 1º e 3º da ESO. Serie Agramar, Obradoiro, Santiago de Compostela, 2004. (coordinador).
- Coautor dos manuais Lingua e literatura 2º e 4º ESO. Serie Agramar, Obradoiro, Santiago de Compostela, 2005. (coordinador).
- Coautor dos manuais Lingua e literatura 1º 2º 3º 4º ESO. A casa do saber, Obradoiro, Santiago de Compostela, 2007. (coautor).
- Coautor dos manuais Lingua e literatura 1, o 3º ESO. Os camiños do saber, Volume I e II, Obradoiro, Santiago de Compostela, 2011. (coautor).
- Coautor dos manuais Lingua e literatura 2º 4º ESO. Os camiños do saber, Volume I e II, Obradoiro, Santiago de Compostela, 2012. (coautor)

Entrevista a Daniel Asorey

- Que significa para ti gañar o Repsol?

Ante todo é unha honra inmensa que a novela Nordeste poida compartir lugar con obras maravillosas galardoadas anos antes. O Repsol é unha referencia literaria de calidade no sistema literario galego. É un premio que como lector agardaba cada ano e que amosou talentos novos e confirmou a valía de estupendos escritores. Supón, polo tanto, un orgullo enorme e anima a seguir.

- En canto á túa obra, por que Brasil? De onde parte a idea de fiar tres personaxes femininos tan marcados e fortes?

Brasil xorde de varias viaxes a ese país e, en concreto, ao Nordeste. Cando estás aí decátaste que aquilo é unha prolongación da nosa terra, que falan o que nós, nunha mestura fabulosa, unha especie de Galiza tropical. Unha vez, nunha reserva, no Estado da Paraíba, uns indios potiguares faláronme da praia do galego, contáronme unha historia increíble de galegos chegados en naves para traeren con eles a auga e construíren unha fonte. Xentes que probablemente serían holandesas pero que eles chamaban galegos, pois hoxe no Brasil “galego” é unha persoa loura e branca. Daquela, lembrando a colonización holandesa do Brasil, pensei que tería pasado se unha república galega tivese chegado aló. Por outra banda, na miña primeira viaxe, no 2007, descubrín a fotografía que está no interior do libro. Un crime brutal cometido pola policía do Estado Novo. Algo que me perseguíu e que me obrigaba a escribir.

En relación ás mulleres, no texto pretendo darlle voz ás e aos sen voz, por iso o Nordeste, territorio empobrecido e esquecido dentro do Brasil; por iso Galiza, unha terra que quixeron acalar dende hai séculos e, por iso, as mulleres, elas que son o tantas veces silenciado cincuenta por cento do Planeta. Na miña novela fala o Nordeste, fala Galiza e falan as mulleres. Quixen que falasen aquelas e aqueles aos que a historia pretendeu enmudecer.

- Cres que a narrativa breve é un modo de chegar a máis lectores? Que é o mais difícil desta tipoloxía de narrativa?

Tendo en conta os ritmos nos tempos na actualidade, e mesmo o tipo de lectura fragmentaria que impón a Internet, pode ser que chegue a máis lectores. Aínda que teño as miñas dúbidas, porque tamén os andeis das librarías están cheos de obras voluminosas que en moitos caos se convirten en supervendas. Por outra banda, este tipo de narrativa non nos é algo estraño. Na historia da literatura galega, a narrativa breve ocupa un lugar central e fundamental, nalgún caso con obras maxistras. Tras o esplendor da Idade Media, a nosa literatura acubillouse durante séculos nas lareiras e na voz do pobo, así que a narrativa breve foi tamén unha fabulosa arma de resistencia contra a nosa desaparición como pobo.

O difícil desta tipoloxía quizais sexa non poder desenvolver as subtramas e as anécdotas para que ocupen o lugar que nunha novela máis longa poderían ter. Hai que concentrar e, como aquí hai tres historias, supuxo un reto.

Por último, quixera darlle as grazas a todas e a todos os que fan posible a edición do Premio Repsol, á fundación Repsol, á Editorial Galaxia, a AELG, á Real Academia Galega, á Secretaría Xeral de Política Lingüística. Sobre todo, quero felicitalos por mantelo en tempos difíciles, pois botar a andar é doado, pero termar de algo, complicado. Como lector teño que lembrar que este premio me fixo coñecer obras increíbles. Como autor agradezo infinitamente a elección do xurado, pois seguro que habería obras tan merecentes coma a miña á hora de acadar o galardón. Grazas sinceras por esta grande oportunidade e polo ánimo que supón o premio á hora de confiar no que un fai. E tamén moitos parabéns por ter chegado ao décimo aniversario. Que cumpra moitos máis!